

Feminismo
sindical



para
mellorar
a vida das **mulleres**

CARTA DOS HOMES DE CCOO POLA IGUALDADE E CONTRA A VIOLENCIA CARA ÁS MULLERES

Os homes que asinamos esta carta somos conscientes de que na sociedade en que vivimos existe unha manifesta desigualdade nas relacións e na repartición do poder entre mulleres e homes. Como consecuencia, os homes temos determinados privilexios: gozamos de máis tempo de lecer, ocupamos a maior parte do espazo público e beneficiámonos do traballo doméstico e de coidados que realizan maioritariamente as mulleres.

Porén, esta forma de organización social aféctanos negativamente e non nos satisfai o modelo de home tradicional e machista que temos como referente social na construción da nosa identidade. Consideramos que esta situación debe cambiar por xustiza, porque as mulleres teñen os mesmos dereitos ca nós, os homes, e porque se trata de dereitos humanos e o cambio será bo para toda a sociedade.

Daquela, asumimos o compromiso persoal e colectivo de participar na construción dunha sociedade igualitaria, na que mulleres e homes gocemos dos mesmos dereitos e oportunidades e na que as achegas e necesidades dunhas e outros sexan valoradas por igual.

Por iso, comprometémonos a:

- ✓ Reivindicar e apoiar xunto ás mulleres a súa loita contra todo tipo de discriminación sexista; en especial, a manifestarmos o noso rexeitamento á violencia machista facendo unha denuncia pública e activa destas condutas e non consentíndoas no noso círculo persoal e laboral.
- ✓ Defender a igualdade laboral, traballando para levar a cabo as accións dos plans de igualdade, dos protocolos de acoso e eliminando calquera tipo de micromachismo.
- ✓ Reformularnos as experiencias e actitudes, os valores e comportamentos cotiáns sexistas que sosteñen esta sociedade desigual, ao tempo que animamos e acompañamos a outros homes neste camiño de cambios persoais e sociais.
- ✓ Asumir de xeito igualitario o traballo doméstico e os coidados doutras persoas, non só como parte da nosa responsabilidade, senón do noso crecemento como individuos e, en particular, a usarmos os permisos, excedencias e reducións de xornada para o coidado. Ter a corresponsabilidade por bandeira.
- ✓ Desterrar o uso e a lexitimación da violencia como xeito de solucionar os problemas e buscar formas pacíficas e dialogadas de tratar e resolver as situacións conflitivas en que nos atopemos.

Os homes de CCOO de Galicia consideramos que a firme aposta pola igualdade real debe ser o noso compromiso como homes do século XXI. Querémola e necesítamola para construír unha sociedade máis xusta, integrada por persoas máis libres, máis autónomas e máis felices.

Co gallo do 8 de Marzo do 2024, asinamos esta carta dirixida á sociedade galega, na que afirmamos o compromiso feminista deste Sindicato por un mercado de traballo e unha sociedade equitativos.



#ÉFeminismo
#FeminismoSindical

Asinado:

Antonio Millares Jorge - Comisión Executiva Nacional

Anxo Muñiz Iglesias - Federación do Ensino

Armando Iglesias Rodríguez - Comisión Executiva Nacional

Cristóbal González Triñanes - Unión Comarcal da Coruña

Demetrio A. Vázquez Martínez - Unión Comarcal da Coruña

Javier González Castro - Federación de Sanidade

Joaquín García Gutiérrez - U. I. de Santiago-Barbanza

José Cazón Lamas - Federación de Servizos á Cidadanía

José Francisco Mirás Pérez - U. I. de Santiago-Barbanza

José Luis García Pedrosa - Unión Comarcal de Pontevedra

José Manuel Ramos Varela - Fed. de Servizos á Cidadanía

Juan Fernando Bao Hernández - Unión Comarcal de Arousa

Juan Zas Candame - Federación de Servizos

Justo Suárez Cuquejo - Federación de Industria

Luis Rodas García - Hábitat

Manuel Quiñoá Dacal - Unión Comarcal de Lugo

Ricardo Óscar Santos Reiriz - Hábitat

Roberto Manuel Garrido Martínez - U. I. de Ourense

Samuel Paz Castrillo - Unión Comarcal da Coruña

Xesús A. Castro Baamonde - Comisión Executiva Nacional

Xoán Carlos Aneiros Rico - Fed. de Pensionistas e Xubilados

Os asinantes son membros do Consello Nacional de Comisións Obreiras de Galicia

